

INFORMACIÓN MATRÍCULA

MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN 1º ESO

(escoller unha , pero marcar as tres por orde de preferencia)

PROMOCIÓN DE VIDA SAUDABLE

Ten como finalidade abordar a prevención dos efectos negativos da inactividade física e da dieta desequilibrada, tratando de proporcionarlle ao alumnado unha serie de competencias que lle permitan, desde a práctica, adquirir e instaurar un estilo de vida saudable e que este se manteña no tempo. O currículo divídese en dous bloques de contidos: "Actividade física e saúde" e "Alimentación para a saúde".

"Actividade física e saúde" está centrado no coñecemento dos efectos positivos sobre a saúde de levar unha vida activa, e débelle permitir ao alumnado avaliar de forma básica o seu nivel de actividade física, aplicando métodos sinxelos e as novas tecnoloxías, á vez que diseña e pon en práctica un plan de intervención e promoción dun estilo de vida activo tanto para el mesmo como para as persoas do seu contorno, con especial atención á familia.

O bloque de "Alimentación para a saúde" busca que o alumnado adquira as competencias necesarias para instaurar uns hábitos de alimentación e hidratación saudables que lle permitan o cumprimento das recomendacións científicas para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria.

No ámbito socioemocional, trátase de dotar o alumnado das ferramentas básicas para se enfrontar con éxito ao perigo de adquirir hábitos tóxicos para a súa saúde (alcohol, tabaco, drogas, etc.).

EDUCACIÓN FINANCIERA

Inclúe contidos económico básicos que permiten á cidadanía familiarizarse, desde idades temperás, coa organización e o funcionamento do sistema financeiro, en particular cos produtos e os servizos financeiros de uso máis habitual, para posteriormente axudar na planificación da vida financeira persoal e na elección daquelas alternativas que mellor se adapten ás súas necesidades, mantendo a seguridade financeira como eixo central desa planificación.

O currículo desta materia está organizado en tres bloques. O primeiro fai fincapé na administración da renda e dos recursos persoais, a través das decisións de consumo e de aforro, e o correspondente investimento; o segundo céntrase na planificación financeira persoal e familiar e, finalmente, o terceiro trata a xestión dos medios líquidos dispoñibles.

OBRADOIRO DE MÚSICA

A materia de Obradoiro de Música concíbese como unha continuación da formación musical recibida polo alumnado na Educación Primaria, que lle permitirá ampliar e desenvolver en contextos diversos, os coñecementos e capacidades para gozar da música como creador/a, como intérprete e como oínte. A interpretación vocal e instrumental son os dous eixos arredor dos cales se organiza esta materia.